

opusdei.org

Ignacio Barrera, novo vicario rexional do Opus Dei en España

O prelado do Opus Dei, Mons. Fernando Ocáriz, nomeou a D. Ignacio Barrera vicario rexional da Prelatura en España. Ata agora era vicario da delegación do Opus Dei en Valencia. Substitúe a Mons. Ramón Herrando Prat de la Riba (Barcelona, 1944), que ocupou ese cargo dende 2002.

08-06-2019

Ignacio Barrera Rodríguez (Cáceres, 1966) é o cuarto de seis irmáns. É licenciado en xornalismo pola Universidade de Navarra (1988) e doutor en Teoloxía pola Pontificia Universidade da Santa Cruz en Roma (2007).

Antes da ordenación sacerdotal traballou en varias iniciativas editoriais e en cuestións relacionadas coa comunicación institucional da Prelatura. Tamén realizou tarefas de dirección nos colexios universitarios de Pamplona (Belagua) e Madrid (Moncloa e Santillana).

Posteriormente estudou teoloxía en Roma e foi ordenado sacerdote en 2007. Recibiu o seu doutoramento cunha tese sobre teoloxía espiritual. Despois da ordenación trasladouse a Sevilla e dedicouse á pastoral universitaria e familiar. En 2010 foi nomeado director espiritual da delegación do Opus Dei en Valencia,

unha circunscrición da Prelatura que inclúe a Comunidade Valenciana, a rexión de Murcia, Albacete e Baleares. Desde 2018 era o vicario da delegación.

O seu nomeamento como vicario rexional de España supón o de Vicanciller da Universidade de Navarra.

A sede da Prelatura en España está na rúa Diego de León, 14, Madrid.

.....

pdf | document generated
automatically from [https://opusdei.org/
gl-es/article/ignacio-barrera-novo-
vicario-rexional-do-opus-dei-en-espana/](https://opusdei.org/gl-es/article/ignacio-barrera-novo-vicario-rexional-do-opus-dei-en-espana/)
(13-04-2026)